

## BANDO

O alcalde do Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

### **FAI SABER**

Que con motivo da FESTIVIDADE DO CARME EN CORME dos vindeiros días 16 e 17 de xullo de 2021 establécense unha serie de medidas de seguridade debido á situación sanitaria provocada pola COVID-19, e que serán de obrigado cumprimento:

- Lémbrese a prohibición de contratar dúos ou calquera outra formación musical, disc-jókey (DJs) ou celebrar festas de calquera índole na vía pública, quedando estas totalmente prohibidas.

- Deberá respectarse o aforo establecido pola Xunta de Galicia tanto no interior como no exterior dos locais. Amais, as consumicións deberán ser servidas só en mesa e os/as clientes/as deberán permanecer en todo momento sentados e sentadas.

- Os botellóns están prohibidos en todo o termo municipal as 24 horas do día e en todos os espazos públicos inclusive praias, paseos e prazas.

- O mercado Municipal de Corme trasladarase do venres 16 de xullo, ao xoves 15 de xullo, en horario de mañá.

- Logo da misa do Carme do venres 16 de xullo, terá lugar a procesión ata o Porto e onde se levará a cabo seguidamente a procesión marítima.

- En relación ao anterior punto, o Concello acordou as seguintes normas coa igrexa e a confraría:

1. Os/as asistentes á procesión levarán máscara en todo momento e gardarán a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
2. Os/as asistentes deberán agardar a volta da Virxe do Carme da procesión marítima, sentados nas cadeiras que atoparán habilitadas ao chegar ao Porto.
3. Prégase ao público non subir aos barcos para a procesión debido as circunstancias especiais este ano derivadas da COVID -19, e que agarden nas sillas habilitadas do Porto. Só participarán, polo tanto, na procesión marítima tan só os /as mariñeiros /as e xente do mar.
4. Queda baixo a responsabilidade de cada patrón/patroa admitir ás embarcacións ás persoas directas, pero queda desaconsellado xa que non se podería garantir a distancia interpersonal establecida (1,5m), medida de seguridade instaurada como preventiva pola situación sanitaria.

- Policía Local, Garda Civil e Protección Civil de Ponteceso colaborarán en todo momento para o cumprimento de ditas normas.

Moitas grazas de antemán por colaborar.

---- SAÚDE E FELIZ DÍA DO CARME.

Ponteceso, 13 de xullo de 2021

O alcalde,

D. Xosé Lois García Carballido